

INSTRUCCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO PRIMEIRO EXERCICIO

De conformidade coa base 6.1 das que rexen este proceso selectivo, o primeiro exercicio consistirá nunha **proba psicotécnica** que permita avaliar de maneira obxectiva as capacidades das persoas aspirantes referidas a: **razoamento en xeral, memoria visual, aptitude verbal, aptitude numérica, aptitude espacial e atención/percepción.**

A proba desenvolverase como se indica deseguido:

O chamamento iniciárase ás 10.00 horas. En primeiro lugar, serán chamadas as persoas incluídas na listaxe da quenda de discapacidade. A chamada será efectuada por orde alfabética do primeiro apelido, que comezará pola letra «N», elixida polo sorteo publicado na páxina web do Parlamento de Galicia.

Tras finalizar o chamamento referido, procederase ao chamamento das persoas incluídas na listaxe da quenda xeral, que comezará tamén pola letra «N».

Unha vez finalizado o chamamento e colocadas todas as persoas aspirantes nos postos asignados, facilitaráselles o seguinte material:

1. Unha folla de exame. Nela inclúense as instrucións necesarias para cubrila de forma correcta.
2. Un caderno para a parte de memoria visual.
3. Un caderno de preguntas no idioma indicado na solicitude pola persoa aspirante.
4. Un xustificante de asistencia á proba.

Cando o tribunal o indicar, as persoas aspirantes collerán a folla de exame e cubrirán os seus datos persoais, especialmente o DNI ou o documento acreditativo da súa identidade correspondente. Esta folla de exame constará de dúas partes: unha parte no lado esquerdo, onde se consignarán os datos persoais, e outra parte no lado dereito, onde se marcarán as respostas ao cuestionario. A folla ten incorporado un papel amarelo copiativo coas instrucións necesarias para cubri-lo de forma correcta no seu dorso.

Deberase usar bolígrafo azul ou negro, tipo clásico, e evitar o uso de plumas, rotuladores ou tintas especiais. Así mesmo, a persoa aspirante que o precisar cubrirá os datos persoais no xustificante de asistencia facilitado.

Unha vez completados os datos persoais, o tribunal indicarlles ás persoas aspirantes que identifiquen o caderno titulado «Memoria visual» e que, sen o abriren, o sitúen na parte central da mesa.

A proba de memoria visual consistirá en memorizar imaxes e os datos asociados a elas, incluídos no caderno facilitado. Disporán de 10 minutos, desde que o indique o tribunal, para memorizar imaxes e datos. Unha vez transcorrido ese tempo, pecharán o caderno de memoria visual e situarano, boca abaixo, na esquina superior esquerda da mesa, para que lles sexa retirado, xunto, se for o caso, co xustificante de asistencia cuberto. O incumprimento destas regras suporá a expulsión do exame.

Unha vez retirado o caderno de memoria visual, e cando o tribunal o indicar, as persoas aspirantes poderán abrir o caderno de preguntas, e disporán de 80 minutos para responder as cuestións formuladas.

O caderno de preguntas constará de 108 preguntas de resposta múltiple, 18 por cada unha das capacidades que se avalían, e 12 de reserva. Das catro respostas posibles a cada pregunta só haberá unha correcta.

Características do caderno:

- As preguntas non indicarán as capacidades que avalían.
- As preguntas non estarán agrupadas nin ordenadas por capacidades avaliadas.
- Por cada unha das capacidades avaliadas haberá dúas preguntas de reserva. No caso de se anular algunha pregunta, esta substituirase pola primeira de reserva que avalíe a mesma capacidade.

Na folla de exame deberanse marcar con bolígrafo negro ou azul as respostas que se consideren correctas. Non se poderá efectuar ningún tipo de escritura nin ningunha outra marca ou sinal distinto das marcas das respostas. Deberase responder tamén as preguntas de reserva, por se for necesario recorrer a elas. No caso de querer corrixir algunha resposta, procederase como se indica nas anteditas instrucións.

Finalizado o tempo, as persoas aspirantes pecharán o caderno e, unha vez retirada a copia amarela, porán a folla de respostas e o caderno de preguntas na esquina superior esquerda da mesa para a súa recollida. As persoas aspirantes só poderán sacar da sala a copia amarela coas súas respostas, xa

que o **cuestionario se deberá entregar ao tribunal**. As dúas partes da folla de exame —esquerda identificativa e dereita coas respostas— serán separadas polo tribunal e gardadas por separado ao finalizar a proba, en presenza das persoas aspirantes que desexaren asistir.

Finalizado o exame, as persoas aspirantes presentes deberán permanecer nos seus asentos ata que o tribunal llelo indicar. Non se poderá abandonar a sala ata pasados 20 minutos desde o comezo do exercicio nin tampouco nos últimos 10 minutos antes do tempo sinalado para a súa finalización.

De conformidade coa base 6.1.1, para poder acadar a cualificación de «apta» a persoa avaliada terá que ter en todas e en cada unha das capacidades valoradas **unha puntuación igual ou superior á media das obtidas por todas as persoas aspirantes**.

O cuestionario, xuntamente coas respostas correctas agrupadas polas seis capacidades avaliadas, publicárase no portal web corporativo no prazo sinalado nas bases da convocatoria.